

1º PASO: selecciona unha **nota ou silencio na partitura** para definir a posición a partir da cal comezarás a escribir. Ao introducir notas en MuseScore substitúense as previamente existentes con aquelas que escribes (é dicir, que **sobrescribe** en lugar de inserir). Con todo, podes inserir compases novos en calquera punto ou utilizar copiar  +  e pegar  +  para mover unha pasaxe completa.

2º PASO: Modo de escritura de notas

O botón "N"  da barra de ferramentas (marxe esquerdo) de **introdución de notas** indica se MuseScore ten activo o modo de escritura de notas ou **non**. Ademais de pulsar o botón para alternar o modo de escritura, podes empregar os seguintes atallos do teclado.

 **N**: activar o Modo de escritura de notas.

N ou Escape : abandona o Modo de escritura de notas.

3º PASO: Duración da nota

Tras activar o **Modo de escritura** de notas **escolle a duración da nota** para escribir a través do atallo do teclado correspondente.

Os **atallos do teclado** para escoller a figura musical adecuada son os seguintes:

3: Semicorchea

4: Corchea

5: Negra

6: Branca

7: Redonda



Puntillo. Para introducir unha **figura con puntillo**, primeiro seleccionamos a figura e despois dámoslle ao puntillo. Exemplo: branca con puntillo será **6 e . (punto)**

Olla para o debuxo na páxina seguinte:




4º PASO: Elixir a altura.

En todos os instrumentos podes fixar a altura das notas pulsando **co rato directamente** sobre o pentagrama.

Pero tamén o poder facer co **teclado do PC**. Ao principio vas ir lentamente, pero despois introducirás as notas con máis velocidade que o fas co rato.

O que terás que facer é saber algo que xa demos na anterior unidade. É a notación seguinte:

A	B	C	D	E	F	G
La	Si	Do	Re	Mi	Fa	Sol



Polo tanto, para **introducir as notas** co teclado temos que facer o seguinte:

- Exemplo para introducir un **do corchea**:

Pulsar consecutivamente na seguinte orde (o N ten que estar seleccionado):

4 C

A tecla **0** (cero) crea un **silencio**. O primeiro que teño que fixarme é que duración ten, por se acaso. Exemplo: introducir un **silencio de corchea**.

Terei que pulsar: 4 e 0 (cero).

A medida que **escribes notas MuseScore avanza automaticamente** pola partitura.

Por último, pero non menos importante, teremos a seguinte orde.

Exemplo: quero introducir un Re negra. Pulso 5D. Pero o Re que introduce non é a altura que teño que poñer, porque é un Re máis grave. Como fago?

1.- Vou **co rato ou co cursor** á **nota** que quero **mudar** de altura.

2.- Pulso **simultaneamente**.



Para **subir** unha 8ª.



Para **baixar** unha 8ª.